



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
<b>Asignatura (*)</b>	Planificación e Xestión dos Servizos de Información		<b>Código</b>	710G04006	
<b>Titulación</b>					
Descritores					
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>	
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
<b>Idioma</b>	Galego				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Humanidades				
<b>Coordinación</b>	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	<b>Correo electrónico</b>	rocio.ameneiros@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	<b>Correo electrónico</b>	rocio.ameneiros@udc.es		
<b>Web</b>					
<b>Descrición xeral</b>	O obxectivo da materia é desenvolver conceptos e habilidades en xestión de unidades de información, comprendendo a planificación, a dirección, a innovación e o liderado, así como a xestión de recursos tanxibles e intanxibles.				



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <p>-As sesións maxistras mantéñense por videoconferencia, no seu horario oficial, primando, a aprendizaxe activa e participativa.</p> <p>-O portafolios do alumno mantense, os alumnos entregarán, periodicamente e no prazo estipulado, distintas actividades para o seguimento dos coñecementos adquiridos. Estas actividades forman parte do traballo autónomo dos alumnos pero todas elas serán debatidas e corrixidas conxuntamente entre a profesora e os alumnos nas clases por videoconferencia.</p> <p>-A proba mixta mantense, os alumnos traballarán de forma periódica en pequenos cuestionarios de avaliación (con preguntas de ?resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación?) sobre cada un dos temas analizados nas clases.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <p>3.1. Docencia virtual: Teams</p> <p>3.2. Contidos teóricos e prácticos da materia: Moodle / Genially con enlace en Moodle</p> <p>3.3. Entrega e corrección de actividades: Moodle / Genially con enlace en Moodle</p> <p>3.4. Cuestionarios de avaliación: Forms con enlace en Moodle</p> <p>3.5. Titorías: Teams, Moodle e correo electrónico da UDC</p> <p>4. Modificacións na avaliación: proba obxectiva mediante cuestionarios en Forms, nos que se avaliarán os contidos teóricos da materia. Tempo para a súa realización: 2 horas. Cualificación: 50%; portafolios do alumno, os alumnos entregarán, periodicamente e no prazo estipulado, distintas actividades para o seguimento dos coñecementos adquiridos a través de Moodle. Cualificación: 50%</p> <p>*Observación da avaliación: para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo, é dicir, se un alumno non supera o portafolios non se lle avaliará a proba mixta e viceversa. Para superar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo é preciso realizar nos tempos indicados todas as actividades propostas. Os alumnos que non entreguen ou non superen o portafolios completo, e todos os cuestionarios, xunto cos alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados de xeito síncrono nos exames oficiais dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 100%).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: ningunha.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.	A1	B1	C4
	A11	B5	C7
	A15	B11	C8



Habilidades para analizar o medio e traballar coa comunidade, así como habilidades para a negociación e comunicación.	A3 A7	B2 B4 B6 B8 B10	C2 C3 C4 C6 C7
Habilidades na obtención e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, e dos procesos de produción e mellora de unidades de información.		B2 B3 B4 B7 B9	C1 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Marco conceptual	1.1. Xestión, tipos de xestores e competencias nas unidades de información
2. A planificación	2.1. Planificación estratéxica nas unidades de información 2.2. Planificación operativa nas unidades de información: a xestión de proxectos
3. A xestión de recursos organizacionais	3.1. Tipos de estruturas organizacionais nas unidades de información. Os equipos 3.2. A dirección: innovación, liderado, motivación e comunicación
4. A xestión de recursos humanos nas unidades de información	4.1. Planificación de recursos humanos. A xestión por competencias 4.2. Desenvolvemento do persoal. Xestión por obxectivos. Avaliación do persoal
5. A xestión de recursos económicos nas unidades de información	5.1. Técnicas orzamentarias e contabilidade de custos nas unidades de información
6. A xestión de infraestruturas nas unidades de información	6.1. Xestión de edificios e equipamentos de unidades de información. A xestión de emerxencias
7. A xestión da colección nas unidades de información	7.1. Planificación e Programa. Selección, adquisición e xestión de provedores 7.2. Avaliación, dixitalización e expurgo da colección 7.3. Xestión de coleccións electrónicas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A15 B2 B3 B5 C7	2	51	53
Sesión maxistral	A1 A3 A11 B1 B11 C3 C4	21	0	21
Portafolios do alumno	A7 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C6 C8	21	51	72
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación sobre os contidos teóricos e prácticos da materia para a avaliación dos coñecementos adquiridos.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos alumnos, coa finalidade de transmitir os coñecementos fundamentais da materia e facilitar a aprendizaxe. Fundamentarase na exposición de contidos teóricos, a visualización de exemplos e a resolución de dúbidas por parte da profesora.



Portafolios do alumno	Carpeta de traballo dos alumnos que deben entregar periodicamente e no prazo estipulado á profesora coas distintas actividades plantexadas: resumos e análises de lecturas, exercicios prácticos, reflexións críticas e estudos de caso.
-----------------------	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Proba mixta Sesión maxistral	<p>Resolver dúbidas, ampliar formulacións, suxerir actividades e distintas formas de traballo que axuden aos alumnos na súa aprendizaxe. Motivación á participación. Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos alumnos.</p> <p>Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A7 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C6 C8	<p>Valórase a adecuación do traballo dos alumnos aos temas propostos para cada actividade, o contido, con especial interese nas achegas dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación. En cada unha das actividades valórase, polo tanto, a capacidade de análise e resolución de problemas, as habilidades informativas e a expresión oral e escrita. Ademais do esforzo e dedicación demostrados polo alumno.</p> <p>Entregarase cada actividade na data indicada pola profesora.</p> <p>Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo ou aquelas que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.</p>	50
Proba mixta	A15 B2 B3 B5 C7	<p>Cuestionarios de avaliación de cada tema da materia:</p> <p>Avalíanse o número de erros e acertos de cada cuestionario. No caso das preguntas de resposta breve ademais os contidos das mesmas: a adecuación ás preguntas realizadas, a capacidade de argumentación, o emprego da terminoloxía, a expresión escrita, a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), a creatividade e o espírito crítico.</p> <p>Os alumnos poden e deben empregar e revisar toda a documentación relacionada cos temas/subtemas da materia para dar resposta a cada cuestionario.</p> <p>Entregarase cada cuestionario na data indicada pola profesora, non sendo avaliados os entregados fóra de prazo.</p>	50

### Observacións avaliación

Requisitos imprescindibles:-Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un alumno non supera o portafolios non se lle avaliará a proba mixta e viceversa.-Para superar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo é preciso realizar nos tempos indicados todas as actividades propostas. -Os alumnos que non entreguen ou non superen o portafolios completo, e todos os cuestionarios, xunto cos alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados nos exames oficiais dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 100%).

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p>Abad García, M<sup>a</sup> Francisca. Evaluación de la calidad de los sistemas de información. Madrid: Síntesis, 2005          Abadal Falgueras, Ernest. Gestión de proyectos de información y documentación. Gijón: Trea, 2004          Brophy, Peter. Measuring Library performance: principles and techniques. Reimp. London: Facet, 2008          Corral, Sheila. Strategic Management of Information Services: a planning handbook. London: Aslib, 2000          Costa Cabanillas, Ángel; López Méndez, Ernesto. Los Secretos de la dirección: manual práctico para dirigir organizaciones y equipos. Reimp. Madrid: Pirámide, 2002          Evans, Edwards G.; Ward, Patricia L.; Rugaas, Bendik. Management Basics for Information Professionals. 2nd. ed. New York: Neal-Schuman, 2007          Gibson, James L., [et al.]. Organizaciones: comportamiento, estructura, procesos. 12<sup>a</sup> ed. México, etc.: McGraw Hill, 2006          Gimeno Perelló, Javier. Evaluación de la calidad en bibliotecas: compromiso con lo público. Buenos Aires: Alfagrama, 2008          Mayyhews, Joseph R.. Adding value to libraries, Archives and Museums: harnessing the force that drives your organization's future. Santa Barbara: Libraries Unlimited, 2016          Paños Álvarez, Antonio, coord.; Carrasco Fernández, A. José. Administración de recursos en unidades informativas. Murcia, DM, 2004          Ridge, Mia, ed. Crowdsourcing our cultural heritage. London, etc.: Routledge, 2014          Stueart, Robert D.; Moran, B. Gestión de bibliotecas y centros de información. Barcelona: Pagés, 1998          Johnson, Peggy. Fundamentals of Collection Development &amp; management. Chicago: American Library Association, 2004          Puchol, Luis, [et al.]. El libro de las habilidades directivas. 3<sup>a</sup> ed. Madrid: Diaz de Santos, 2010          Pymm, Bob; Hickey, Damon. Learn Library Management. 2nd. Friendswood: Total Recall, 2007          Solimine, Giovanni; Di Domenico, Giovanni; Pérez Pulido, Margarita. Gestión y planificación en bibliotecas. Buenos Aires: Alfagrama, 2010          Vernon Vieira, David. O Crowdfunding em bibliotecas: tornando as bibliotecas públicas sustentáveis com a ajuda da comunidade online. Revista Brasileira de Biblioteconomia e Documentação (2015), Vol. 11, n<sup>o</sup> especial, pp. 81-98</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>A profesora proporcionará nas clases e no material de traballo bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.</p>

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Biblioteconomía/710G04004

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías